

## XENOFONTE

### 1.- Datos biográficos.

Xenofonte viviu “circa” 430-355.

Nacido en Atenas, de familia de cabaleiros, recibiu unha educación noble e foi tamén discípulo de Sócrates, aínda que non con lazos fortes.

No 401 enrolouse de mercenario co xeneral tebano Próxeno, para loitar a favor do persa Ciro o Mozo, na súa loita contra o seu irmán Artaxerxes II; trala morte de Ciro en Cunaxa e o asesinato do xeneral grego decidiu o retorno dos seus compañeiros de Mesopotamia (a “anábase”, “a volta dos dez mil”) a Bizancio.

Despois uniuse ós espartanos enviados contra Persia e loitou ó mando do rei espartano Axexilao, e tamén en Grecia, contra a súa propia patria, Atenas. Os espartanos daránlle como agradecemento terras en Élide, onde viviu durante vinte anos adicado á agricultura, cría de cabalos, caza e redacción de obras de contido diverso pero coa batalla de Leuctra (na que os tebanos acabaron co dominio espartano) tivo que fuxir a Corinto.

Mentras, en Atenas levantouse o desterro contra el, pero parece que nunca volveu a súa cidade natal, aínda que os seus fillos loitaron coa cabaleiría ateniense e un deles morreu en Mantinea; ademáis dedicáronlle múltiples encomios, proba do respecto e admiración dos seus conciudadanos.

### 2.- Obra.

Obras históricas: *Helénicas*, *Anábase* e *Ciropedia*.

*Helénicas* narra en sete libros a historia de Grecia desde o 411 até o 362 a.C. Polo xeral admítase que Xenofonte pretende continuar a obra histórica de Tucídides, e que as súas primeiras palabras (μετὰ δὲ ταῦτα) enlazan directamente cos acontecementos descritos polo seu predecesor. En conxunto é máis superficial que Tucídides e menos obxectivo.

*Anábase* é unha especie de diario militar que narra en sete libros a fracasada expedición de Ciro o Mozo contra o seu irmán, o rei de Persia de Artaxerxes.

No 404 morre Darío II e deixa dous fillos, Artaxerxes e Ciro o Mozo; Artaxerxes sucédelle no trono. Mais acusado Ciro por Tisafernes de conspiración, Artaxerxes fai arrestar ao seu irmán quen, salvado pola súa nai, xura vingarse. É por iso que recruta mercenarios gregos. Cando estes “dez mil” coñecen a verdadeira fin da súa expedición, xa lles é tarde para regresar, polo que se ven inmersos dentro dunha aventura que os leva até Cunaxa, preto de Babilonia, despois de recorrer 3000 km en seis meses. Alí participan na batalla na que morre Ciro, polo que teñen que volver, a través de Armenia e o Bósforo, percorrendo outros 3000 km en sete meses.

Un dos participantes é Xenofonte, que fora convencido por Próxeno, amigo de Ciro. El tomará nota de toda a expedición, e logo tras a morte de Ciro asumirá o mando da expedición.

A *Ciropedia* é un libro moi especial, quizáis a primeira “novela histórica”. Tamén se fala ás veces de “novela pedagóxica”; na declaración de intencións que o autor expón no prefacio afirma que para afrontar o problema de cómo pode ser gobernada a máis problemática das criaturas, o home, paga a pena estudar as calidades naturais e a educación de Ciro, quen rexiu con éxito un gran número de homes, cidades e nacións. Nárrase a historia da xuventude, educación, ascensión ó poder e goberno de Ciro o Vello, figura que Xenofonte idealiza a partir de Ciro o Mozo ó tempo que realiza unha

descripción do sistema político persa e un tratado sobre a educación, con influencia das teorías socráticas e do sistema tradicional espartano.

Obras filosóficas: *Memorables, Económico, Apoloxía de Sócrates, Banquete.*

Xenofonte é autor tamén de obras filosóficas sobre a figura de Sócrates a pesar de que a súa relación co mestre non foi nin moi directa nin moi duradeira.

*Memorables* ou *Lembranzas de Sócrates* é unha refutación das acusacións contra Sócrates e unha recopilación de opinións deste, especialmente, sobre deberes políticos e militares.

O *Económico* é un diálogo sobre un diálogo no que Sócrates fala de economía doméstica e agrícola.

Na *Apoloxía de Sócrates* defende a Sócrates de terse defendido no xuízo con altanería: máis ben o mostra como modelo de medida. Na *Apoloxía* de Platón Sócrates enfróntase á morte a partir da súa fe nunha vida posterior (doutrina tamén presente no *Fedón*) mentras que Xenofonte non fala para nada deste tipo de crenza senón que afirma que Sócrates estaba convencido de que era un bo momento para morrer (eukiría) porque deste xeito conseguiría evitar os achaques da vellez.

*Banquete* relata a reunión celebrada en casa do rico Calias, na que participa Sócrates como invitado, así como outros personaxes históricos, e que representa un exemplo do que eran os simposios atenienses. A conversación, que xiraba en torno a distintos aspectos da conduta humana presenta un ton distendido, salpicado de humor, aínda que ao mesmo tempo con seriedade. Destaca o discurso de Sócrates sobre a superioridade do amor espiritual sobre o carnal.

Obras políticas: *Constitución de las lacedemonios, Axexilao, Hierón, Ingresos.*

En *Constitución dos lacedemonios*, obra na que presenta as reformas de Licurgo, relativas ao sistema de matrimonio, adestramento físico de mozos e mozas, comidas comunitarias (τὰ συσσίτια), desprezo á propiedade privada, etc.

*Axexilao* é unha louvanza deste rei espartano a quen tan profundamente admirou.

En *Hierón* Simónides fala co tirano de Siracusa sobre a natureza e o carácter político do tirano.

*Ingresos* é unha proposta de financiamento das finanzas atenienses.

Outras obras: *Hipárquico, Sobre a equitación e Cinxético.*

### 3- Preguntas (selectividade)

-Obras principais de Xenofonte (xuño, 2006; setembro 2006).

-Obras e temas principais en Xenofonte (setembro, 2007).

-Obras de Xenofonte relacionadas con Ciro e cos persas (setembro, 2008).

-O rei Ciro na obra de Xenofonte (xuño, 2007).

-Xenofonte como discípulo de Sócrates: obras nas que recolle o seu ensino (xuño, 2005)

-¿Que relación tivo Xenofonte con Sócrates e en que obras se fala desa relación? (setembro, 2005)

